

Acordo do 8 de abril de 2024 da Xefatura Territorial da Coruña, de suspensión do acto de levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por una instalación eléctrica, no concello de Cerceda (expediente IN408A 2018/27).

Esta xefatura territorial, de conformidade co disposto nos artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, e no artigo 56 do seu Regulamento, e previa solicitude da entidade Naturgy Renovables, SLU, acordou sinalar os días 17, 18, 19, 24, 25 e 26 de abril de 2024 para o levantamento das actas previas á ocupación no procedemento expropiatorio para á ocupación das fincas afectadas pola construción da instalación denominada parque eólico Meirama.

Advertida a circunstancia da existencia do auto, de data 14 de marzo de 2024, ditado pola Sección 3ª do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no que se acorda a medida cautelar de suspensión da executividade da resolución da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, do 18 de abril de 2023, pola que se outorgan a autorización administrativa previa e de construción, así como a declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións relativas ao proxecto do parque eólico Meirama, nos concellos de Carral, Cerceda e Ordes (expediente IN408A 2018/27), esta xefatura territorial ACORDA:

Suspender o acto de levantamento das actas previas á ocupación previsto para os días 17, 18, 19, 24, 25 e 26 de abril de 2024, e a conseguinte paralización do procedemento expropiatorio, así como ordenar a notificación individual do presente acordo a todas as persoas interesadas; comunicando, igualmente, esta suspensión ao Concello de Cerceda.

A Coruña, na data da sinatura electrónica, asina o xefe territorial Isidoro Martínez Arca.

